



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

## REXISTRO CIVIL EXCLUSIVO VIGO

### EXPEDIENTE GOBERNATIVO DE CAMBIO DE NOME E/OU APELIDOS

Atenderase ao establecido nos artigos 57 da Lei do Rexistro Civil e mais 206 e 209.4º do Regulamento do Rexistro Civil.

#### **SOLICITUDE:**

A persoa solicitante deberá facer constar:

1. A súa identidade, o lugar e data de nacemento, o DNI e mais o actual domicilio.
2. O seu estado civil e, se for o caso, o lugar e data de matrimonio e mais os fillos habidos neste. No suposto de que contraera anteriores nupcias, tamén se indicarán.
3. Unha relación sucinta e detallada dos feitos que motivan o cambio.
4. A petición concreta do cambio solicitado.
5. O lugar e data de presentación da solicitude, que se deberá entregar debidamente asinada.

#### **DOCUMENTOS QUE SE DEBEN ENTREGAR CANDA A SOLICITUDE:**

1. Certificado literal de nacemento.
2. No caso de que estea ou estivese casado/a, certificado literal do matrimonio ou matrimonios.
3. No caso de ter fillos, certificado literal de nacemento dos fillos.



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

4. Copia do seu DNI.

5. Certificado de empadramento.

6. En caso de que a solicitude afecte ao cambio de apelidos, certificado literal de nacemento do/a ascendente a cuxa liña pertence o apelido pretendido.

7. Copia de documental, pública ou privada, que acredite a situación social do nome ou apelido cuxa modificación se pretende.

